

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación definitiva modificación artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga, conservación de contadores e acometidas

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ARTIGO 6 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS

O Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 30 de novembro de 2023, adoptou o acordo de aprobar provisionalmente a modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación do servizo de abastecemento de auga e conservación de contadores e acometidas, co obxecto de actualizar a contía das taxas de acordo co IPC publicado polo INE.

Publicado anuncio no BOP da Provincia en data 4 de decembro de 2023, abrindo o período de exposición ao público, non se formularon reclamacións, elevándose a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado, en aplicación do artigo 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

Coa finalidade de darlle cumprimento ao principio constitucional de publicidade das normas e consorte do disposto no artigo 17.4 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, publícase agora o texto íntegro do artigo 6 da ordenanza modificado:

Artigo 6°. COTA TRIBUTARIA.

Modificación do artigo 6° da ordenanza fiscal (modificación do cadro de tarifas):

TIPO SUMINISTRO	€/m ³
DOMESTICOS	
Por mantemento do servizo	
Mínimo 10 m ³ /mes	0,5564
De 11 a 15 m ³ /mes	0,7788
Más de 15 m ³ /mes	1,0782
INDUSTRIAIS	
Por mantemento do servizo	
Mínimo 50 m ³ /mes	0,7233
Por m ³ que exceda do mínimo	1,1406
OBRAS	
Mínimo 100 m ³ /mes Por mantemento do servizo	0,7130
Por m ³ que exceda do mínimo	1,2802

Modificación do apartado II) do artigo 6º:

II.-) Outras cotas:

A) Cota de alta no servizo: 89,38 €

B) Cota única por dereitos de acometida á rede xeral de abastecemento: 159,01 €

C) Cota mensual por verificación e conservación de contadores: 0,2737 €

D) Cota mensual por conservación de acometidas: 0,2737 €

Arzúa, a 13 de febreiro de 2024

O alcalde,

Asdo.: Xoán Xesús Carril Ramos

2024/1063